



Xanthoparmelia conspersa (Ach.) Hale

Especie coñecida tamén como *Parmelia conspersa* (Ach.) Ach.

Ten preferencia polas superficies expostas e horizontais de muros e rochas ácidas ou ultrabásicas (fotos 1, 2).

O talo foliáceo varía entre unha cor gris-verdosa e verde-amarelenta, e forma rosetas de 4 a 15 cm de diámetro (fotos 1, 2, 6). Os lóbulos das marxes teñen unha anchura maior de 2 mm. A superficie do talo está cuberta parcial ou case totalmente por isidios cilíndricos que poden ser simples, ramificados ou coraloides (fotos 4, 5), e cando son moi abundantes danlle ó talo unha tonalidade máis escura.

Apotecios frecuentes (fotos 6, 7) que ás veces chegan a acadar 1 cm de diámetro, co disco de cor marrón e coa marxe frecuentemente isidiada, da mesma cor co talo (foto 7).

Fotobionte: alga verde tipo clorococcoide.

Reaccións: Medula branca K^+ amarelo-alaranxado (foto 3) e P^+ laranxa.

